

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2024 pola que se convoca proceso selectivo para a provisión, mediante contrato laboral temporal a media xornada, dunha praza de titulado/a superior para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, para a xestión do proxecto PROCURE4HEALTH.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, creada mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, conta dentro dos seus obxectivos estratéxicos, co de xestionar e coordinar proxectos e programas de investigación en materia sanitaria desenvolvidos pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e outras institucións.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) participa en calidade de socio no proxecto europeo PROCURE4HEALTH, destinado á creación dunha rede europea de compra pública innovadora no ámbito da saúde. PROCURE4HEALTH enmárcase na convocatoria HORIZONT-HLTH-2021-CARE-05-04. A duración do proxecto abarca dende o 1 de xuño do 2022 ata o 31 de maio do 2025.

Resumo do proxecto:

Título: Healthcare Innovation Procurement Network.

Acrónimo: PROCURE4HEALTH .

Grant Agreement: Project 101057209 -Procure4Health.

Coordinador: Servizo Andaluz de Saúde (SAS).

Duración: 36 meses.

Número de proxecto: 101057209.

Orzamento total: 4.939.995 €.

Orzamento ACIS: 46.250 €.

Cofinanciamento EU: 100 % .

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7



PROCURE4HEALTH enmárcase na convocatoria HORIZONT-HLTH-2021-CARE-05-04 financiada polo Fondo Horizonte Europa para o período 2021-2023, e concretamente dentro do obxectivo 1 do Programa de promoción da investigación e da innovación.

O obxectivo deste proxecto é crear unha comunidade de compradores e axentes de interese en compra pública innovadora. A idea é empoderar a todos os actores involucrados en compra pública innovadora (CPI) a través desta rede, enfocándose principalmente nos compradores públicos. O proxecto permitirá tamén analizar as barreiras e necesidades actuais dos compradores, para nunha fase posterior crear e compartir ferramentas para facilitar a CPI para todos os actores involucrados.

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, prevé a contratación de persoal laboral temporal para a realización de actuacións previstas e dotadas de orzamento.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 157, do 19 de agosto), esta xerencia

RESOLVE:

Anunciar a convocatoria dun proceso selectivo para a provisión, mediante contrato laboral temporal a media xornada, de un efectivo para traballar na execución e xestión do proxecto PROCURE4HEALTH que se enmarca na convocatoria HORIZONT-HLTH-2021-CARE-05-04, e aprobar as bases que rexerán o proceso.

As bases reguladoras do indicado proceso inclúense como anexo I desta resolución.

Para participar nesta convocatoria os/as interesados/as utilizarán o modelo de solicitude que se inclúe no anexo II

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7



ANEXO I**Bases da convocatoria**

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 157, do 19 de agosto), a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, no exercicio das competencias atribuídas, dispón publicar as seguintes bases para a selección dun efectivo a media xornada para traballar na execución e xestión do proxecto PROCURE4HEALTH que se enmarca na convocatoria HORIZONT-HLTH-2021-CARE-05-04.

Primeira. Normas xerais**1.1. Número e características das prazas.**

Ao abeiro do artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, convócase proceso selectivo para a contratación dun efectivo a media xornada para traballar na execución e xestión do proxecto PROCURE4HEALTH, persoal laboral temporal (grupo I categoría 4) cunha das titulacións de grao (ou licenciado) recollidas no punto 2.1.3 das presentes bases.

A persoa seleccionada vai traballar na execución e xestión do indicado proxecto e levará a cabo as funcións que a continuación se relacionan:

- Xestión e coordinación do proxecto e difusión de resultados.
- Participación nas actividades de irmandade entre os socios e entidades externas para promover o intercambio de coñecementos en materia de compra pública innovadora no ámbito da saúde.
- Participación nas actividades de formación relacionadas co ámbito do proxecto.
- Apoio no desenvolvemento e sostibilidade do plan de acción elaborado no marco do proxecto.



– Identificación das áreas de acción e actividades que fomenten a adopción dunha visión común de adquisición da innovación entre os membros da rede.

– Calquera outra función non definida aquí e considerada dende ACIS relacionada coa execución do proxecto PROCURE4HEALTH .

- Número de efectivos: 1

- Lugar de realización: en Santiago de Compostela aínda que terá que facer desprazamentos a outros países de Europa.

- Centro directivo: Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela.

- Duración: a duración estimada é dende a súa formalización ata o 31 de maio do 2025.

De acordo co artigo 15 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, a duración do contrato queda condicionada a que exista crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda, computado sempre na súa proxección anual.

1.2. Retribucións.

As retribucións serán as establecidas para o grupo correspondente de acordo coa estrutura salarial definida nos artigos 25 e 26 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, recollidas no anexo VII da Orde do 19 de xaneiro de 2024 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2024 (DOG núm. 15, do 22 de xaneiro).

1.3. Modalidade de contrato.

A persoa seleccionada asinará un contrato de traballo laboral temporal de duración determinada segundo o definido na disposición adicional quinta do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, cumprindo o establecido no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.



1.4. Incompatibilidades.

A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais disposicións complementarias.

Segunda. *Requisitos dos aspirantes*

Para ser admitidos no proceso de selección os/as aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal os seguintes requisitos, agás o certificado médico referente ao recollido no punto 2.1.5, que deberá acreditarse no momento da contratación.

2.1.1. Nacionalidade.

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

e) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

2.1.2. Idade.

Teren cumpridos dezaseis anos de idade.

2.1.3. Titulación académica.

– Estar en posesión dunha titulación de grao (ou equivalente) en Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito.



– Nivel de inglés B2 ou equivalente de acordo coa táboa de equivalencia de certificados publicada o 7 de xullo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e relacionado coa Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 e na que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas de profesorado.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que está en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de obrigación aos aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.1.4. Coñecemento do idioma galego.

Acreditar coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes

2.1.5. Capacidade funcional.

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

2.1.6. Habilitación.

Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría profesional a cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non ser inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Terceira. *Presentación de solicitudes*

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ademais dos/as posibles candidatos/as seleccionados polo Servizo Público de Em-



prego, ao cal se cursará a oferta xenérica do posto obxecto desta convocatoria, aquelas persoas que desexen formar parte no presente proceso selectivo deberán presentar a documentación que a continuación se sinala, tendo en conta que no suposto de que os documentos sexan fotocopias, estas terán que estar debidamente compulsadas:

- a. Instancia. Segundo modelo contido no anexo II que se xunta a estas bases.
- b. Currículo pormenorizado e debidamente xustificado, onde se acredite a súa traxectoria, e experiencia profesional así como os títulos, cursos e diplomas obtidos que se valorarán, se é o caso, no proceso de selección.
- c. Fotocopia compulsada da ou das titulacións académicas obtidas, que no caso de se obter en no estranxeiro, deberá estar homologada en España.
- d. Acreditación da posesión dun certificado, como mínimo, de nivel B2 ou equivalente de acordo coa táboa de equivalencia de certificados publicada o 7 de xullo no DOG e relacionado coa Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 e na que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas de profesorado.
- e. Acreditación da experiencia profesional, mediante informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e certificado expedido polos órganos competentes en materia de persoal da correspondente organización onde veñan desempeñando os servizos especificando a categoría, funcións e período (con data de inicio e remate do contrato) nos que estivo traballando o/a aspirante.
- f. Copias compulsadas de certificados de asistencia a cursos ou similares directamente relacionados coas funcións propias dos postos obxecto desta convocatoria. Será necesario que figure neles número de horas certificadas.
- g. Cando se trate de aspirantes nacionais doutros países, deberán presentar fotocopia compulsada dos certificados de estudos cursados de castelán, que acrediten suficientemente os seus coñecementos deste idioma.
- h. Fotocopia compulsada do título acreditativo de superación do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano compe-



tente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición Adicional Segunda da Orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (*Diario Oficial de Galicia* número 146, do 30 de xullo).

O enderezo que figura nas instancias considerárase o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a candidato/a tanto os erros na consignación del como a comunicación de calquera cambio de dito domicilio.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán); no caso de documentos expedidos noutras comunidades autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en castelán ou traducidos por titulado/a ou polo organismo correspondente. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola oficina diplomática española. Loxicamente este parágrafo non fai referencia ás publicacións.

A presentación da/s solicitude/s farase no rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, núm. 37-1º portal A, Santiago de Compostela) ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* as presentes bases estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<https://acis.sergas.es>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte da súa publicación oficial.

Para calquera aclaración ou información adicional os/as interesados/as poderanse por en contacto telefónico co Servizo de Xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a través do número de teléfono 981 55 51 03 ou a través do correo electrónico xestion.acis@sergas.es.

Cuarta. Baremo de méritos. Acreditación de méritos e desempates

Para establecer a orde de prelación na puntuación dos/as aspirantes que corresponda a acreditación de méritos establecida nas presentes bases, aplicárase o seguinte baremo:

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyee9yl7



4.1. Servizos prestados: ata un máximo de 18 puntos.

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,30 puntos ao mes.

2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións ou organismos públicos nas mesmas categorías: 0,15 puntos ao mes.

3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas e outros organismos de carácter privado na mesma categoría: 0,10 puntos ao mes.

A suma da puntuación dos números 1, 2 e 3 non poderá exceder dos 18 puntos.

Todos os méritos relativos á experiencia profesional terán que ser xustificados documentalmente.

Os prestados na Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas poderán acreditarse por calquera destes dous medios:

– Certificado expedido polos órganos competentes en materia de persoal da correspondente Administración onde veñan desempeñando os servizos, incluíndo a categoría e o período (con data de inicio e remate do contrato) nos cales estivo traballando o/a aspirante.

– Informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (que recolla o/os período/s de tempo alegados).

No caso de empresas privadas e outros centros de carácter privado deberá aportarse xunto co Informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social un certificado coa relación de proxectos e a súa duración en que estivo involucrado e/ou as actividades realizadas polo/a traballador/a debidamente asinado pola empresa.

4.2. Formación Académica relacionada: ata un máximo de 2 puntos.

• Pola titulación de máster relacionado coa innovación, xestión e dirección, economía da saúde ou equivalentes (1 punto por cada máster relacionado).

• Polo diploma de estudos avanzados ou similar (1 punto).

• Pola titulación de doutor (2 puntos).



4.3. Formación continuada: ata un máximo de 4 puntos.

Por cada curso relacionado coas tarefas que se van desenvolver organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Públicas, Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidade autónomas ou da Administración xeral do Estado, universidades, SEPE, Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFEDAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria.

Para a valoración se establece a seguinte puntuación:

- Cursos de 15 horas ou máis e menos de 25 horas: 0,2 puntos por cada curso.
- Cursos de 25 horas ou máis e menos de 75 horas: 0,3 puntos por cada curso.
- Cursos 75 horas ou máis: 0,5 puntos por cada curso

4.4. Coñecemento acreditado de idiomas oficiais da UE: ata un máximo de 2 puntos.

- Grao superior a Celga 4 no caso de idioma galego: 0,5 puntos.
- Equivalente ou maior a C1 no caso de idioma inglés: 1,5 puntos.
- Polo coñecemento doutros idiomas europeos: ata un máximo de 2 puntos:
 - Equivalente ou menor a B1: 0,2 puntos por cada idioma.
 - Equivalente a B2: 0,3 puntos por cada idioma.
 - Equivalente a C1: 0,5 puntos por cada idioma.
 - Equivalente ou maior a C2: 1 punto por cada idioma.

Os méritos a ter en conta neste proceso valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación desta convocatoria.

4.5. Entrevista persoal: ata un máximo de 2,6 puntos.

Consistirá nunha entrevista persoal non eliminatoria para valorar o grao de adecuación dos aspirantes.



Pasarán a esta segunda fase os/as aspirantes que tiveran as 10 mellores puntuacións na valoración de méritos.

A entrevista versará sobre o currículo dos/as aspirantes, as funcións que van desempeñar no posto de traballo e os seus coñecementos sobre as materias relacionadas co obxecto do proxecto.

Para a realización da entrevista, que poderá ser telemática, dispórase dun tempo máximo de quince (15) minutos. A entrevista cualificarase de 0 a 2,6 puntos.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste anexo e de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se publica o resultado do sorteo o que se refire o regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante o anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

Quinta. *Tribunal de selección*

O tribunal cualificador deste proceso noméase pola Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, conforme o previsto no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Así mesmo, lémbrese que á Comisión de Selección resúltanlle de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Sexta. *Admisión dos/as aspirantes e baremación dos méritos*

6.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, farase pública na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<https://acis.sergas.es>) a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as para a praza obxecto desta convocatoria, así como as causas da súa exclusión.

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7



Poderanse formular alegacións contra a listaxe provisional nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

As alegacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, núm. 37-1º portal A, Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos.

6.2. O proceso constará de dúas fases:

Primeira fase: valoración de méritos. A puntuación máxima da fase de méritos será de vinte e seis puntos (26).

Segunda fase: realización dunha entrevista. A puntuación máxima da entrevista será de 2,6 puntos (2,6).

6.2.1. Primeira fase: o tribunal procederá a unha baremación provisional dos méritos alegados polos/as aspirantes con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia.

As alegacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, núm. 37-1º portal A, Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A estimación ou desestimación das ditas alegacións entenderase implícita na publicación da puntuación definitiva da primeira fase do proceso.

6.2.2. Segunda fase: consistirá nunha entrevista persoal non eliminatória para valorar o grao de adecuación dos/das aspirantes.

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7



Pasarán a esta segunda fase os/as aspirantes que tiveran as 10 mellores puntuacións na valoración de méritos.

A entrevista versará sobre o currículo dos/as candidatos/as, as funcións que van desempeñar e os seus coñecementos sobre proxectos e políticas ou programas comunitarios relacionados coa I+D+i. Parte da entrevista poderá desenvolverse en inglés.

Para a realización da entrevista dispórase dun tempo máximo de quince (15) minutos. A entrevista cualificarase de 0 a 2,6 puntos.

O tribunal de selección publicará na web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<https://acis.sergas.gal/>) os nomes dos/das convocados/as a esta fase, o lugar e a data e hora de realización da entrevista.

Os/as convocados/as deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, na súa falta, pasaporte.

Unha vez realizadas as entrevistas, o tribunal publicará na web <https://acis.sergas.gal/> a listaxe coa puntuación provisional dos/das aspirantes.

Poderanse formular alegacións contra as puntuacións provisionais da segunda fase nun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

6.3. Unha vez transcorrido o prazo de alegacións, o tribunal procederá á puntuación global definitiva dos aspirantes que realizaron as dúas fases do proceso, que será elevada á Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para que dite resolución coas puntuacións globais definitivas polo mesmo medio que as listaxes provisionais, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente.

6.4. O/a primeiro/a aspirante da lista definitiva publicada será o/a candidato/a seleccionado/a para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo de cinco (5) días hábiles dende que se faga pública a dita lista a seguinte documentación ante a Axencia:

- Tarxeta sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde nos cales se acrediten os aspectos sinalados na base 2.1.5.



– Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas para os efectos de acreditar os aspectos sinalados na base 2.1.6.

6.5. Se o/a candidato/a seleccionado/a non presenta a documentación indicada no punto anterior no prazo establecido, ou presenta a súa renuncia á contratación para o posto para o cal foi seleccionado/a (caso en que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará, en calquera caso, automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar nun novo prazo de cinco días hábiles desde o remate do anterior a documentación citada no punto 6.4. Procederase desta forma ata que un/unha aspirante presente en prazo e validamente a súa documentación.

6.6. Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto da convocatoria.

6.7. Se ao longo da duración do proxecto se produce a baixa do/a aspirante contratado, procederase ao chamamento, para a súa cobertura, do/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista resultante desta convocatoria.

Sétima. *Norma derradeira*

7.1. Todas as resolucións do proceso de selección publicaranse na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde na epígrafe de avisos e tamén no de transparencia e bo goberno.

7.2. Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela ou da actuación do tribunal, co carácter de definitivos ou que, sendo de trámite, decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7



ANEXO II**Solicitud de participación****DATOS PERSOAIS:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI/PASAPORTE:		NACIONALIDADE:
ENDEREZO:		TELÉFONO:
CORREO ELECTRÓNICO:		DATA NACEMENTO:

SOLICITO:

1º. Ser admitido/a na convocatoria para a provisión, mediante contrato laboral temporal a media xornada, da praza de titulado/a superior como xestor do proxecto PROCURE4HEALTH.

2º. Para tal efecto, presento a seguinte documentación: (relacionar a dita documentación)

Lugar, data e sinatura

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 2024

Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
Avenida Fernando de Casas Novoa, núm. 37, 1º A (Edificio CNL). San Lázaro
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

CVE-DOG: qmq4msj7-bz31-qbu4-bqz7-m4riyeea9yl7

